



GONZÁLEZ PÉREZ, T. (Ed.); CELADA PERANDONES, P.; CID FERNÁNDEZ, X.M.; ESCOLANO BENITO, A.; FERNÁNDEZ SORIA, J.M.; GONZÁLEZ PÉREZ, T.; GRAMIGNA, A.; LÓPEZ PÉREZ, O.; ROSA, C. (2018). *Entre el olvido y la memoria. Educación, mitos y realidades*. Valencia. Tirant Humanidades.

O libro que imos resencionar titúlase “Entre el olvido y la memoria. Educación, mitos y realidades” do que é editora Teresa González Pérez. Son autores dos estudos que se presentan no libro: Pablo Celada Perandones, José Manuel Cid Fernández, Agustín Escolano Benito, Juan Manuel Fernández Soria, Teresa González Pérez, Anita Gramigna, Oresta López Pérez e Carlo Rosa. Catedráticos e Docentes de diversas universidades españolas e estranxeiras unidos polo interese común de desvelar a memoria.

Os títulos dos libros, pese a súa brevidade, chegan a ser moi elocuentes. Tal é o caso, pois “Entre el olvido y la memoria” parece aludir aos feitos pretendidamente esquecidos fronte ao deber de recuperalos. É o deber de lembrar, é o deber da memoria fronte ao esquecemento, na maioría das veces selectivo.

Todos estes investigadores saben da importancia de coñecer os feitos do pasado, de reproducilos tal e como foron, de achar os que se ocultaron. Por iso, sabendo da dificultade que entraña a reconstrución da historia, sabendo da esixencia do exame minucioso e crítico das fontes e informacións atopadas non podemos dudar do interese que supoñen estes estudos. Recoméndase, pois, unha lectura atenta e respectuosa do libro xa que conleva un paso máis cara a proxección do noso pasado e un impulso cara o futuro para auto-descubriremos.

O libro está estruturado en diferentes capítulos escritos por cadanseu autor. Agustín Escolano Benito titula o seu estudo “La cultura escolar como memoria ritualizada”; Pablo Celada Perandones é o autor de “Gumersindo Azcárate en la cuestión universitaria y los albores de la Institución Libre de Enseñanza”; Juan Manuel Fernández Soria asina “Desmemoria de la Educación republicana en el franquismo”; Xosé Manuel Cid Fernández ofrécenos “Represión injustificada en la retaguardia franquista. Las víctimas de las Asociaciones de trabajadores de la enseñanza en Orense”; Teresa González Pérez, que xa na introdución do libro fai unha interesante reflexión sobre o desafío da memoria tamén é autora de “Memoria, Renovación pedagógica y exilio. La renovación pedagógica truncada”; Oresta López Pérez co “Un reto a la imagi-

nación y a la memoria histórica: Dolores Jiménez Muro, maestra, escritora y feminista precursora de la revolución mexicana”; e remata o libro co artigo de Carlo Rosa e Anita Gramigna titulado “La política como forma activa de educación”

Estamos, polo tanto, ante un libro onde se reuniron un importante elenco de investigadores co obxectivo principal de visibilizar a memoria.

En primeiro lugar é de destacar o estudo e reflexións de Teresa González Pérez que introduce o libro falando da memoria e que se titula “El desafío de la memoria. El pasado en el presente educativo”. Fala de que a memoria está cada vez máis presente na realidade e que supón un esforzo reconstruíla. De tal xeito que di que a memoria é sinónimo de Historia pois axuda a construír a traxectoria da humanidade. Non obstante, na mesma memoria hai moitos ausentes pola criba que a propia historia foi realizando, pola propia depuración realizada, maiormente, polos vencedores co interese de ocultar feitos polo que a autora fala da normalización do esquecemento. Salienta que a memoria estivo condicionada polos políticos e gobernantes aos que non lles interesaba que se lembrara certa parte da historia. Pero maila todo, sempre hai recursos para recuperar esa parte esquecida como por exemplo, as testemuñas orais que van de xeración en xeración xa que a memoria das persoas permanece. Por iso, volvendo ao título do libro, interesa destacar que estes autores vense coa misión de rescatar ese olvido, ese esquecemento voluntario ou imposto.

Logo desta marabillosa reflexión preséntanse seis estudos moi interesantes que podemos agrupar do seguinte xeito.

Tres deles reconstrúen e reavivan a historia de persoeros senlleiros relacionados co mundo intelectual e educativo.

Pablo Celada Pelandones achéganos á Gumersindo de Azcárate que chega a Madrid en 1858 desde Oviedo e na Central estudará Dereito e Filosofía. Será noemado Profesor Auxiliar da Cátedra de Economía Política e Estatística. Co grao de Doutor convertírase en profesor numerario en febreiro de 1873, obtendo a Cátedra de Lexislación Comparada. Cóntanos como Don Gumersindo será protagonista na vida Universitaria non contexto histórico español da Restauración e cunha situación de confusión legal no que se refire á Instrución Pública. No relativo á Universidade vívense situacións que xeran un forte descontento no profesorado, situacións que van na liña do control a este sector. Algo contra o que loitará Azcárate defendendo sempre a liberdade de cátedra do profesorado como home de ciencia que baixo ningún concepto debía someterse aos controis do partido político. Azcárate, como home comprometido coa educación, tamén vai formar parte da Institución Libre de Ensinanza desde onde defenderá a educación libre e allea de partido algún. Polo tanto, non hai dúbida de que Gumersindo Azcárate é un home referencial para entender e falar dunha educación renovada e comprometida.

A autora Teresa González Pérez saca do esquecemento a Regina Lago García que naceu en Palencia en 1897 e faleceu en Cuernavaca, México. Estudou maxisterio e obtivo o Título de Mestra elemental e Mestra de grao Superior. Desempeñará actividades profesionais como profesora nas Escolas Normais de Mestras en Canarias e tamén na Escola Normal de Mestras de Lugo. O estudo destaca o compromiso de

Regina Lago pola educación e renovación pedagóxica facendo fincapé no perfeccionamento dos mestres. A inxuedanza e interese pola innovación que tiña Regina Lago fixo que se trasladase a Xenebra, ao Instituto J.J. Rousseau onde complementaríase a súa formación na liña da nova Pedagogía e Psicología. De regreso a España e xa no contexto da República desempeña importantes postos de responsabilidade pero a finais de 1937 trasladárase a París como Delegada de España para a Infancia Evacuada e permaneceu alí ata que rematou a guerra. Salientar a vida desta muller ten dobre interese, por unha banda, preséntasenos a unha muller pioneira, decidida e comprometida, nuns tempos nos que a consideración da muller viña marcada polas pautas e ritos designados pola sociedade; e por outra banda, porque Regina Lago abriu camiños e renovación educativa cun compromiso convincente.

A profesora Oresta López Pérez preséntanos a Dolores Jiménez y Muro nunha biografía onde se deixa ver o sentimento e o agarimo da autora pola admiración que lle profesa. Dolores Jiménez nace en Aguascalientes e viviu en San Luís de Potosí no seo dunha familia comprometida coa causa liberal. E, efectivamente, como a autora di “a memoria ten xénero” pois considera que Dolores Jiménez é unha das principais impulsoras da Revolución mexicana de 1910. Fai un percorrido biográfico desta periodista que elaboraba escritos, converteuse en referente da vida dos clubs e foi creadora de novos grupos políticos especialmente de mulleres interesadas na vida política. O estudo introduce interensantisimos textos literais da autora onde se aprecia a fortaleza e compromiso desta grande defensora dos principios liberais vinculada con Zapa-

ta e o Zapatismo. Reflicte unha vida moi intensa que merece ser lida.

Dos restantes estudos hai dous que nos adentran en contextos políticos que resultaron ser hostís coa memoria.

Trátase un deles do estudo de Juan Manuel Fernández Soria titulado Desmemoria de la Educación Republicana en el Franquismo. Nel o autor pon un grande interese por achegarse ao pasado da educación franquista que supuxo unha desmemorialización da educación republicana. É un estudo moi comprometido pois acusa a esa desmemoria pretendida desde a sinrazón dos vencedores. O autor fálanos do discurso que se creou e que se pretendía inculcar nas escolas. Pódese dicir que son políticas malévolas que falan dunha historia distinta, manipulada que non teñen reparos en destruír obras literarias ou adaptalas ao seu interese pois pretendían “reeducar” nos principios. Tampouco tiveron reparos en apartar docentes, acosar á ILE e crear discursos violentos contra esa educación republicana. O estudo está realizado entresacando a memoria pero tamén rescatando o esquecemento, o que está ausente porque os vencidos así quixeron. O artigo é dun grande interese pois reivindica a memoria para eses que ofreceron resistencia á sinrazón.

Na mesma liña segue Xosé Manuel Cid Fernández. Incide o autor na Represión inxustificada do franquismo á Asociación de Traballadores de Ensinanza de Ourense. Unha represión por parte do franquismo ao maxisterio ourensán que resultou ser como un axuste de contas. Un terzo de docentes foron vítimas de suspensión de emprego e soldo temporais ou destituídos. Fala o autor de nomes propios e concretos

como Francisco Sierra, Antonio Caneda de Medos, Rafael Alonso, Eligio Núñez, Vicente Ortega, Concepción Fernández... son nomes propios que o autor saca da desmemoria e failles a súa homenaxe especial e sitúalos na peana da historia para non seren esquecidos. Docentes das terras ourensás que optaron polo exilio ás terras amigas como Portugal ou Latinoamérica. Vivencias dolorosas polo oprobio do novo réxime. Outro exilio padecido é o de interior no que tiveron que vivir ocultos ou reorganizaron a súa vida de tal xeito que non corresen perigo, cicais é o exilio máis doloroso pois debían ocultar as súas convicións. O estudo amosa un rigor e interese especial polo delicado como está redactado e porque hai nomes propios, concretos, non son persoas anónimas, son reais e a través deste estudo deixan a súa pegada, tamén os seus testimonios, algo que sobrecolle ao lector.

Moi en relación co anterior está o estudo de Agustín Escolano Benito que nos adentra no tema da Cultura escolar como memoria ritualizada. O enfoque é moi interesante pois insértase na cultura da escola como unha cadea de rituais que supoñen a engranaxe da estabilidade e duración da institución. Pódese dicir que o estudo está moi na liña dos anteriores pois nos ritos atópanse resistencias a cambios e persistencias do pasado, do control exercido e que pode servir a políticas aplicadas. Despois de introducir o tema sobre o poder dos ritos e rituais conforme a regras aprobadas ou asumidas socialmente, é moi de salientar os ritos na escola pois neles detéctanse mecanismos de vixilancia ante as ameazas de cambio; aseguran a solidariedade de todos os membros da comunidade educativa pois todo está premeditado, os rituais

sustentan e reforzan o orden. Estes rituais serven aos intereses circunstanciais. Malia reformas, malia escolas de renovación pedagóxica os rituais exercen unha gran forza interna. Remata o estudo facéndose unha serie de preguntas que conducen a que todos reflexionemos. Preguntas sobre como se relacionan os docentes coas reformas políticas; que modelos pedagóxicos subxacen nos programas das distintas administracións; como se adaptaron ou resistiron os docentes aos programas...Efectivamente, fai que reflexionemos na capacidade que podemos ter os docentes para liberarnos de certos rituais ou rutinas educativas.

Remata o libro cun artigo de Carlo Rosa e Anita Gramigna sobre a política como forma activa da educación. Efectivamente, é un estudo reflexión sobre como as políticas condicionan no devir pedagóxico e a actitude da sociedade e do individuo como ser activo no devir histórico. Está moi ligado ao estudo de Escolano Benito pois tamén neste estudo se reflexiona sobre a repercusión da formación do profesorado, do individuo, da sociedade e os retos co cambio. Realizan unha relectura de textos de Hannah Arendt "La condición humana" e "El pescador de perlas". Co primeiro pretenden analizar a necesidade formativa da cidadanía na práctica democrática pois esta parece ir esvaecéndose pola perda da autonomía individual polo predominio dos intereses privados. Isto é, que o poder de decisión que ten o individuo vaise perdendo pois este está condicionado por un entorno que inflúe moito nel. Co segundo texto pretenden reactualizar comportamentos (podemos volver falar de ritos) que son universalmente dignos e éticos pero que parecen non deixar rastro na historia. Para os autores, é preciso investigar fundamen-

te nestes aspectos e actuar con forza para volver a unha vida activa. É un estudo moi interesante pois indaga na condición humana, as súas perdas e as súas permanencias que non son sempre as que se deberan perder ou permanecer. Avogan por recuperar ao individuo libre e autónomo.

A parte das aprendizaxes e reflexións ás que nos leva este libro débese salientar a maneira en como está escrito. Todos os/as autores/as condúcennos por unha narración sinxela, clara e con moito sentimento e respecto sen deixar de ser rigorosa. Deixan ver o seu compromiso coa historia en xeral e coa historia da educación en particular pois sufriu moito o esquecemento e a desmemoria. O valor deste libro é non deixar esmorecer as historias reais. Os autores recompoñen a historia que é a de todos, tal como dicía García Márquez “recordar es fácil para quen ten memoria pero esquecerse é difícil para quen ten corazón”. Todos estes autores non esqueceron porque teñen corazón por iso nos agasallan con este libro.

A historia nunca se remata, a historia está aí, hai que descubri-la, hai que busca-la, hai que estudala, pero o máis difícil, hai que saber circular polas súas sendas tortuosas pois nunca vai en liña recta.

Rosa María CID GALANTE
Diplomada en Ensinanza Xeral Básica
Licenciada e Doutora en Xeografía e
Hstoria Licenciada en Psicopedagogía

LUÍS ALBERTO ALVES & JOAQUIM PINTASSILGO (Coord.), *Investigar, intervir e preservar em História da Educação.* (Porto, CITCEM – Centro de Investigação Transdisciplinar ‘Cultura, espaço e memória’/ HISTEDUP - Associação de História da Educação de Portugal, 2017).

A obra *Investigar, intervir e preservar em História da Educação*, coedição do Centro de Investigação Transdisciplinar ‘Cultura, espaço e memória’ (CITCEM) e da Associação de História da Educação de Portugal (HISTEDUP), apresenta contribuições elaboradas para o XI Congresso Luso Brasileiro de História da Educação, ocorrido na cidade do Porto, em 2016. Resaltando os encontros académicos como *locais de partilha, convívio, consolidação e criação de agendas para o futuro*, os organizadores Joaquim Pintassilgo e Luís Alberto Marques Alves procuraram, com a selección de textos, localizar aqueles que “mais podiam inquietar e sossegar” (p. 8) e “reafirmar o que nos une enquanto agentes de um espaço de investigação, mas também aquilo que nos diferencia em termos de técnicas, de metodologia” (p. 7). São textos, portanto, que falam sobre a memória e que, em si, são memórias de pensamentos, debates, anseios e angústias do campo da História da Educação.

Os organizadores brindam-nos com o conjunto selecionado de textos divididos sob as temáticas *Investigar, Intervir e Preservar*, eixos do Congresso de 2016, e explicam: “*Investigar* como um quadro epistemológico específico que convirá sempre rever e afinar. *Intervir* porque [...] importa reivindicar um espaço de intervenção social. *Preservar* porque, na volatilidade das coisas, importa defender a cultura material